



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

**Novembro 2016**

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017


**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade do sector servizos. Novembro 2016

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un aumento do 11,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,6%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 13,3% e os Outros servizos o 7,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,0% e en España un 2,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de novembro. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade con menor incremento.

### Indicador de actividade do sector servizos. Novembro 2016

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %




	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	113,0	11,7	9,3
Venta e reparación de vehículos de motor	98,8	12,5	6,2
Comercio por xunto	129,6	17,4	15,6
Comercio ao retalho	98,4	4,9	2,1
Transporte	111,4	5,2	2,1
Hostalería	83,5	1,8	9,0
Información e comunicacións	86,2	0,1	4,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,3	15,7	-0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	128,3	19,4	12,9

## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un crecemento do 11,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,5 puntos máis que no mes de outubro. O índice para España amosa un aumento do 6,6% respecto ao mes de novembro de 2015, 3,9 puntos superior ao rexistrado no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 13,3% e achega 10,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 7,0% e achegan 1,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 7,3%, 6,0 puntos inferior á taxa galega; os *Outros servizos* aumentan o 5,2%, 1,8 puntos menos que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* en Galicia ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 17,4% e achega 8,3 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento da súa cifra de negocios do 7,8% e achega 2,9 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos* rexistra un incremento do 12,5% en Galicia fronte ao 14,5% en España.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 7,0%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, cun incremento do 19,4%, son o sector con maior repercusión no índice xeral, 0,6 puntos; o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* achegan 0,5 puntos cada un, cunhas taxas de 5,2% e 15,7% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,2%. Os sectores de *Transporte, Información e comunicacións* e *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, son os que máis repercuten no índice xeral, catro décimas.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 9,3% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 15,6% achega 7,4 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -0,5%.

En España, nos once primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta o 4,2%, 5,1 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas de variación acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores que mais repercuten neste crecemento.

### **1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB**

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 8,6% no mes de novembro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 10,2% e achega 5,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. Os *Outros Servizos* aumentan o 5,7%, sendo *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (17,0%) e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (12,0%) as que máis repercuten neste crecemento, 1,1 e 1,0 puntos respectivamente.


Nos once primeiros meses do ano, o índice xeral creceu un 7,4%, sendo o *Comercio*, cun incremento do 10,2%, o que máis repercute neste crecemento, 4,3 puntos. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 1,1% e restan 0,1 puntos á taxa xeral.

### **1.3 Datos corrixidos de calendario**

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de novembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores aumentos danse en Galicia (11,7%) e Cantabria (10,4%). As comunidades con menores incrementos son Navarra (4,3%) e Castilla y León e Cataluña (ambas as dúas 5,0%).

No acumulado do ano, Galicia (9,3%), Illes Balears (7,8%) e La Rioja (7,3%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecements rexístranse en Castilla y León (2,0%) e Asturias (2,5%).

## Índices de cifra de negocios. Novembro 2016


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,0% respecto ao mes de novembro de 2015, 0,5 puntos menos que en España (2,5%).



O persoal ocupado aumenta un 2,3% no *Comercio* e un 1,8% nos *Outros servizos*. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,8%) son o sector con maior repercusión no índice xeral, 0,8 puntos. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector onde diminúe a ocupación, -1,8%.

En España, as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,8%) son as que máis repercuten no crecemento do emprego, 0,7 puntos.

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 2,1% fronte ao 2,4% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación en Galicia nos once primeiros meses do ano agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, -0,4%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,3%) como en España (4,1%).

## **2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas**


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de novembro. O maior incremento dáse en Murcia (4,8%) e Illes Balears e Canarias (ambas dúas 4,5%).

País Vasco (1,2%) e Asturias (1,4%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Illes Balears (4,0%) e Navarra (3,6%) son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,9%) e Andalucía (1,5%) rexistran os menores crecementos.

## Índices de persoal ocupado. Novembro 2016

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>113,0</b>	<b>11,7</b>	<b>9,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>116,7</b>	<b>13,3</b>	<b>10,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	98,8	12,5	6,2
Comercio por xunto	129,6	17,4	15,6
Comercio ao retalho	98,4	4,9	2,1
<b>Outros servizos</b>	<b>100,3</b>	<b>7,0</b>	<b>4,7</b>
Transporte	111,4	5,2	2,1
Hostalería	83,5	1,8	9,0
Información e comunicacións	86,2	0,1	4,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,3	15,7	-0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	128,3	19,4	12,9
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>103,6</b>	<b>6,6</b>	<b>4,2</b>
<b>Comercio</b>	<b>105,1</b>	<b>7,3</b>	<b>3,9</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	117,2	14,5	11,9
Comercio por xunto	108,0	7,8	3,4
Comercio ao retalho	95,8	4,0	2,1
<b>Outros servizos</b>	<b>100,9</b>	<b>5,2</b>	<b>4,8</b>
Transporte	109,6	4,2	2,1
Hostalería	94,7	6,7	6,9
Información e comunicacións	99,6	5,3	4,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,9	5,2	6,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	95,8	5,7	5,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	103,8	8,6	7,4
Comercio	111,2	12,7	10,2
Transporte	116,4	5,6	3,0
Hostalería	84,0	1,8	9,0
Información e comunicacións	84,3	0,8	4,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,9	12,0	-1,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,6	17,0	10,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Novembro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>103,6</b>	<b>6,6</b>	<b>4,2</b>
Andalucía	99,1	6,6	3,1
Aragón	108,4	6,8	3,4
Asturias	94,8	7,8	2,5
Baleares, Illes	88,9	8,0	7,8
Canarias	110,4	6,6	5,6
Cantabria	97,3	10,4	6,5
Castilla y León	101,0	5,0	2,0
Castilla-La Mancha	102,0	9,5	4,4
Cataluña	105,8	5,0	3,2
Comunitat Valenciana	106,7	6,8	4,6
Extremadura	100,1	9,2	5,7
<b>GALICIA</b>	<b>113,0</b>	<b>11,7</b>	<b>9,3</b>
Madrid	102,3	6,1	3,9
Murcia	105,8	8,5	4,8
Navarra	100,0	4,3	3,9
País Vasco	105,6	6,6	4,4
Rioja, La	112,3	9,7	7,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>97,8</b>	<b>2,0</b>	<b>2,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>95,1</b>	<b>2,3</b>	<b>1,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	84,4	1,1	0,4
Comercio por xunto	92,0	3,2	3,2
Comercio ao retallo	99,1	2,0	1,2
<b>Outros servizos</b>	<b>100,1</b>	<b>1,8</b>	<b>2,4</b>
Transporte	99,0	1,9	1,0
Hostalería	90,9	0,6	3,2
Información e comunicacións	87,6	2,1	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,2	-1,8	-0,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,9	5,8	5,3
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>101,2</b>	<b>2,5</b>	<b>2,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>100,3</b>	<b>2,0</b>	<b>2,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	91,7	2,1	2,2
Comercio por xunto	104,6	2,4	2,6
Comercio ao retallo	99,2	1,7	1,7
<b>Outros servizos</b>	<b>101,8</b>	<b>2,8</b>	<b>2,6</b>
Transporte	99,1	2,3	1,8
Hostalería	99,3	2,6	2,9
Información e comunicacións	98,3	1,3	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,3	1,9	1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,8	4,8	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Novembro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>101,2</b>	<b>2,5</b>	<b>2,4</b>
Andalucía	98,7	1,5	1,5
Aragón	99,1	3,5	3,3
Asturias	93,7	1,4	0,9
Baleares, Illes	96,4	4,5	4,0
Canarias	106,1	4,5	3,4
Cantabria	100,5	3,8	3,0
Castilla y León	96,9	1,6	1,6
Castilla-La Mancha	99,9	2,5	2,0
Cataluña	105,2	3,2	3,2
Comunitat Valenciana	104,1	2,0	2,4
Extremadura	102,1	3,8	2,5
<b>GALICIA</b>	<b>97,8</b>	<b>2,0</b>	<b>2,1</b>
Madrid	98,9	2,0	1,9
Murcia	108,1	4,8	3,3
Navarra	105,4	3,9	3,6
País Vasco	102,8	1,2	1,9
Rioja, La	106,0	2,9	3,1

Fonte: INE